



RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 6806/2022

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto que en data 23 de setembro de 2024 ditouse Resolución de Alcaldía núm. 2024-1583 relativa o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos no concurso libre para estabilización dunha praza de Inspector/a de taxas, persoal funcionario grupo C2, así como a composición efectiva do tribunal cualificador. Visto o escrito incorporado ao expediente por LUIS FERNÁNDEZ LÓPEZ, nomeado membro do tribunal como PRESIDENTE, asinado en data 24 de setembro de 2024, no que comunica o seguinte: “LUÍS FERNÁNDEZ LÓPEZ, funcionario deste Concello, Ante o nomeamento para formar parte do tribunal para o proceso de selección dunha praza de persoal funcionario: Inspector/a de Taxas, Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Grupo C2, en aplicación do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, como PRESIDENTE, PRESENTA A SÚA RENUNCIA a formar parte do mesmo por non estar interesado en desempeñar ese cometido.”

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aceptar a renuncia presentada por LUIS FERNÁNDEZ LÓPEZ.

SEGUNDO. Nomear PRESIDENTE do tribunal cualificador do proceso selectivo ps-22/34 ao empregado municipal MANUEL CABRAL CORDEIRO, funcionario de carreira do Concello de Cangas, auxiliar administrativo.

TERCEIRO. Publicar no Taboleiro de Anuncios (físico e electrónico), na páxina web e no Portal de Transparencia a presente Resolución co fin de posibilitar a formulación de recusación.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer un dos seguintes recursos:

a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.





Concello de Cangas

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: M7W2HCNXY5XP6AEN3AANUNE44
Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

